

A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 63

A CRUÑA 10 DE AGOSTO DE 1918

OUTRO ALDRAXE A GALICIA

RAZÓS DO NOSO NAZONALISMO

PROBES de nós os españoles, dixo Rodríguez Viguri no seu discurso da semana do *Debate*, si despois da guerra, como indicou Wilson, vaise á supresión das barreiras arancelarias».

Nós, ó ouvílo, pensamos: Viguri non sabe nin miga dos problemas galegos. Viguri, por ñoranza, dounos a razón ós autonomistas.

A supresión das barreiras arancelarias—que non virá desgraciadamente—mataría, de momento, moitas industrias españolas que viven preguizosamente deitadas á soma do arancel. Mais logo sería fautor do progreso intensivo. En troques favorecería a Galicia. Galicia, n'un réximen mundial libre-cambista trunfaría súpetamente. Porque a nosa economía está axeitada pol-a natureza pr'ó libre cambio.

Trata pol-o visto agora o Goberno de autorizar a entrada na España de carnes conxeadas do Uruguay.

Si non se lle quer infrir un aldraxe cheio de perxuicios materias a Galicia, que veña

tod'o o maízo que percisan os nosos labregos, de contado. Estonces o das carnes inda terá certo disimulo...

E se non se quer que protestemos rexamente, váyase pensando na imprantación do libre cambio en España. Sere nós soio carneiros, non e non.

D'outro xeito, teremos dereito a dicir a berros, votando man d'unha frase de Costa, que pra os galegos vai sendo negocio ruinoso o de pertencer a España.

Galicia sigue en calidade de cincenta. Galicia fica como cabeza de turco pr'ós gobernos.

Galicia sigue tendo pospostos os seus intereses ós de todol-os mais pobos españoles.

¿Pasaron d'actualidade aqueles versos de Rosalía:

«Probe Galicia, non debes chamarte nunca española, que España de tí se olvida?»

¿Que nes son os separatistas?

ñen alternativa, en calquera orde que sexa.

Os artistas millores son os que, tendo xa unha persoalidade feita, traballan en silencio, no recollimento do seu amor á propia obra e d'a súa confianza intensiva no propio esforzo. Tarde ou cedo eles chegan ó público, anque o público non chegue de ves a eles. Ó fin son reconecidos e admirados; ó fin fáiselles xusticia.

* *

Morréu Máximo Gorki. ¿Por qué falamos d'él n'unha páxina galega? Poucos escritores, de calquera país que sexan, poden suscitar coma él en Galicia tantas simpáticas reflexións. A miseria foi a musa d'este gran novelista; Gorki foi o Apóstol d'un pobo, non d'un pobo en xeneral en que total as crases sinten un mesmo ideal, un ideal único. Gorki foi Apóstol d'un pobo de miseria, foi un Apóstol dos miserables. Non dos autócratas nin dos tiranos. Non dos señores nin dos caciques. En este senso, ¿qué dife-

rencias podemos hachar entre este probe pobo galego y-o probe pobo ruso?...

Aquí tamén fai falla un Apóstol d'a calidade, do xeito do novelista ruso. Ven-o pidiendo a raza, a emancipación da escravitude espiritual y-a miseria social, desde vellos e lonxanos tempos. Esa pedagogía do arte que tivo un mestre taumaturxico en Gorki, quizáis tuvera o milagre de facer en Galicia a providente, a salvadora revolución dos espíritos...

DIÓGENES.

DO MOMENTO

O PANTERNO DA LIBERTADE

O labrego de volta do traballo, logo d'estare tod'o día dobregado sobre o suco, ricibindo nas costas as ardentes rayolas do Sol, infeliz inda que non ten visto mais río que o da súa aldea, oi dicir na taberna a un señor que sabe ler papés e que berra ateigado de carraxe:

—¡Peligra la «libertaz»; esa ley contra el espionaje.

O labrego—malpocadiño—non sabe d'outro espionaxe que do que os servos do que «manda» na aldea manteñen preto da sociedade agraria. Non sabe tampouco d'outra libertá que a de vivire cativamente, atento ás esixenzas da súa probe chouza, ás variacións do tempo, ás épocas do pago das rendas veñan ben ou mal axeitadas as colleitas. E acaba por encollérese de hombros pra trasegar na gorxa o vaso de viño, non sin ire pensando camiño da súa chouza que non entende as palabras d'aquel señor que sabe ler papés. Cavila que algo grave ten d'ocurrir pol-o mundo. Pero como él non vé que cambie a súa vida...

—¡Peligra la «libertaz»!—berra un obreiro n'unha xuntanza d'obreiros vilegos. O berro repitese en todol-os grupos, vai ensanchándose com'os círculos que fai a pedra ó caere no espello d'un lago.

Sin embargo, a vida sigue sendo a mesma de sempre pra os traballadores. Poden xuntárense e asociárense e facer as protestas que lles pete. Nada cambeou no fondo Pro como tanto se dí que periga a libertade..

¡Oh libertade! Tes nome de muller. Por mor de tí berran, perdend'o tempo, unhos homes d'un povo onde o labrego é escravo con leises liberaes e onde o cidadán ten sempre pendurada sobre a súa cabeza a lei de xurisdicións. ¡Libertá amancebada c'o libertinaxe, que fillos saíran do teu seo!

A. VILLAR PONTE.

PAROLA DECENAL

A nota rexionalista, despois de sere ceibada, á súa maneira, n'un coro de *cantaores* políticos, mais entendidos—salvo dúas escepcións galeguistas—na fisioloxía do diafragma que na vertebración d'as ideas, dase n'estes días na expresión do arte, a escola que ha de pôr sobor d'a vida galega un ar de refinamento e unha fror xentil de espiritualidade.

Imeldo Corral colléu n'os cores da súa paueta a opulenta beleza agreste, a emoción do paisaxe de Galicia, diluída n'unha visión espréndida e vigorosa. É un artista de corpo enteiro, d'un talento maduro traballado na relixión do Arte, no que sorprendeu os seus secretos mais profundos y-o mesmo tempo mais sinxelos.

Como de costume entre nós, era casi desconecido en Galicia, onde soyo os traficantes, os simuladores ou os imbéciles te-

VERSOS D' AUTUALIDADE

COBIZO (Pra Manolo Quiroga)

Eu non sei que meiguerías,
se esconden entr'os seus dedos,
que cando engarella co eles
no seu máxico estormento
parece que brincan
os anxeliños do ceo,
con alegres louleadas
e greleares cantareiros.
Ouvindo os seu repinicos

e froleos
dan tentaciós de berrarlle:
¡Meiguíño, meiguíño, meigo!

* * *

Meigo que nos enfeitizas
e sabes entolecernos,
toca as nosas alboradas
y-os nosos alalás tenros;
recreyanos coas muñeiras
dos nosos eidos,
e verás cómo nos ferven
os antusiasmos nós peitos,
e te levamos en trunfo,
e te poñemos
pra toda a vida
no santo altar milagreiro
das nosas adoraciós
e dos nosos pensamentos.

* * *

Toca as foliadas nosas
co prodixio dos teus dedos,
que quero ouvir como cantan
os anxeliños do ceo.

A Cruña, Agosto 1918.

PINTORES D'ALMAS (Imeldo Corral)

Doulle vida á solitaria Corredoira
y-ós follosos Castiñeiros da Barreira;
doulle luz á craridade tembradoira
da Ladeira.

E da cume espigochada
da Peneda dos Lagartos, alta e recha,
fixo a imaxe enmedoñada
que se envolve en neboeiros, asustada,
cando vén a noite pecha...

* * *

Seus paisaxes teñen vida e teñen alma.
Vive n'eles a poesía do asosego,
toda paz e toda calma.
Trunfa n'eles a verdá do chau gallego.

Sol d'Outono,
sol tristeiro e sin ledicia,
cobre as veigas d'unhas brétemas de sono
y-enche os campos d'us colores de tiricia
que se espallan brincadeiros
e se escorren esvaídos y esmayados
pol-os verdes comareiros
y-os valados.

Van as augas dos regueiros
saltarís e cantareiros
a metérense nas canles dos muñíos,
pra dar voltas ós rodicios desdentados
y-enterrárense nos prados
mimosiños.

As choviscas xinueiras
foron pondo os castañales molladiños,
y-engarraron as pingotas nas silveiras,
e trocaron en lameiras
os camiños...

* * *

Tan artística visión da nosa terra
tén ganada unha loubanza agarimosa
dos que saben que no arte é onde se encerra
tod'a gloria lumiosa
d'estes novos loitadores
que en patreótica cruzada,
con amor de namorados,
poñen a alma nos paisaxes tentadores
d'esta terra enfeitizada
que nos tén a decotío engayolados
co primor dos seus primores.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

DE PLUMA ALLEA

A ADEMIRACIÓN POR MELLA

A un *bon español* dádelle unha corrida de touros cada domingo, un tomate cada día e un discurso de Mella cada ano, e xa o teredes satisfeito d'haber nacido.

O *bon español* é un ser mal mantido, que vai fumar pitillos a unha oficina vella e porca, que se engayola ó paso d'unha rapaza, que fai xestos cando debía traballar e pónse patético cando debía divertirse; que se farta de dicir parvadas con voz solene; un ser que n-o campo do sentimento creou a *cursilería*, n-o campo da vountade creou a *bronca* e n-o campo intelectual creou aqueles pasa-

tempos da folganza que Gracián chamou *arte d'inxenio*.

Xa se pode enxerguer por istos datos que o *bon español* e un fervente admirador de Mella n-os seus diversos aspectos oratorios.

Y-esto é asina por un sin fin de razóns.

Pirmeiramente Mella fala contra o Goberno. E en España o faguer política consiste en falar mal contra o Goberno. Como que o *bon español* non paga os tributos, ou paga unha parte cativa, é amigo dos contrabandistas, n-as eleicións vende o seu voto ou non vota, vai faguer paxaros de papel á oficina, e craro está que non ten mais remedio que falar contra o Goberno. É un sistema de compensación moral.

Seguidamente, Mella é un gran partidario

do *Estado español*, o que non da de comer á xente, o que repersentan os dous leós famentos que hay n-a porta do Congreso de Diputados, o que frabica os cartos e dispón da Guardia civil e das bandas de música dos reximentos que amenizan os domingos as tranquiñas prazas porvincipianas, o qu'é mais, infinitamente mais, que o pobo, que as 49 provincias. Ise Estado é unha cousa mística, d'esencia intanxible y-eterna, porque qué sería sin o *Estado d'ise bon español* que nacéu co-a irresistible vocación, úneca, de chegar a ser *oficial quinto*? E verdade que Mella fala de rexonalismo, de vagas renovacións da estrutura do Estado, máis todos están no segredo, todos saben que ise rexonalismo pode envolverse n-unha folla de repolo, e que se gardará sempre de ser atentatorio a cousa algunha.

En terceiro lugar, Mella sostén que os españoles son a xente máis extraordinaria do mundo, e qu'España é a *mēstra* da natureza e da historia. E como entr'as persoas qu'o escoitan pode haber algún espritu curioso, explica todas istas cualidades con catro lirismos sóbor de Pelayo, Otumba, as Navas, e Bailén, que sempre agradan n-amentras a actual España sigue dormiñenta. E con esta expriación, Mella encende ós auditorios. Y os extranxeiros, mirándonos pol-as súas verbas, búlransen de nós e do noso lirismo decadente. Despóis clama ao ceo, e coida que Mella e o Kaiser deben darse unha aperta pra salvarnos, e o *bon español* cré que si os alemáns afondan os barcos españoles ó servicio do Estado español é pra *disimular*.

En cuarto lugar, Mella fala contra Cambó, contra o catalanista político, e aliase a Burrell e a Gasset cando Cambó plantea o debate sobor do nazonalismo no Congreso; e faille o caldo gordo a Besada en Galicia, apoyando os intrêses e organizacións besadistas na *Semana Regionalista*. E o *bon español* sabe que o catalanismo—coma o galleguismo—é unha outa renovación, unha intensificación de vida, unha esixencia de capacidades e de sacrificios practicamente desconocidos na España. E o español sabe qu'os homes do nazonalismo trunfan; e por iso súas bravatas pasaron xa da hostilidade ardente a un comenzo de fatalismo filosófico; máis, naturalmente, gústalle eisi e todo, que se combata ós catalás e ós nazonalistas, por un certo decoro; e gústalle sóbor todo, que se lles chame, en xeito de aldraxe, xente próspera, xente de consciencia económica, de senso práctico y-e-peditivo; porque todo isto pra él é censurable, sinón leva a suprema característica española: a *fidalguía*.

Agora ben; a perfecta característica da obra de Mella, dos discursos de Mella, é a súa absoluta ineficacia. Con todol-os seus discursos ise político é un político qu'ende-xamais conquiréu unha millora, nin un progreso, nin un novo matiz siquera na conciencia do pobo. I-é qu'en realidade Mella non é un político: é un campeón de *Xogos Floraes*. Vai a unha Asambreia, a un Congreso, ó Parlamento, e todol-os alí convocados debaten sóbor a solución d'algún problema concreto. Pero fala Mella e todo se volve unha nebulosa. Comenza a eispoñer nociós elementales de filosofía e d'história, misteriosos pronósticos sóbor custióis internacionais; piropea as damas; canta un himno a Castela, e pra romate fala tráxica-

mente da súa morte poñendo carne de galiña o auditorio. Todas estas cousas despois resultan neveiros incomprensibles; son unha ración d'opio pra o *bon español*. Por iso o Sr. Mella tén ben ganado o título de defensor *in cápite* da prehistoria.

CALIBAN

Nosos querereres

Queremos que os encaixes de Camariñas e as nosas conservas de peixe poidan sere mandadas ás Américas.

Queremos que veña á Galicia canto maínzo faga falla.

Protestamos contra da introdución

na España de carnes conxeadas do Uruguay.

Queremos unha escola d'Agricultura, con Alvarado ô frente, en Santiago, e unha Escola de peritos agrícolas. Queremos tamén unha escola de pesca.

Queremos as facultades de Ciencias e Filosofía e Letras.

Queremos o ferrocarril da Costa, o de Ourense a Zamora e o da Cruña a Carballo e Santiago.

Queremos un porto franco. Queremos escolas e camiños. E despóis de todo isto inda esiximos que Galicia se governe a si mesma,

!AO CUME!

Ateigados de mágoas e xenreiras a raza leva os seus barudos peitos: non te descoutarán bágoas moufeiras, mais si groriosos e sonados feitos.


Xa foi chegada a hora en qu'os eleitos fillos de Breogán d'almas guerreiras, da loita no valbor, nobres y-ergueitos, arrinquen-as cadeas treizoeriras,

¡Ó cume, meus irmás! A conquerire a sagra libertá; cair ou vivire; pois nos rudos picoutos da aspra serra,

antre o lumiar dos fachoos irto s'ouce o berro afouto de xuntanza e guerra. ¡Xa lostreguea a sanguifenta fouce!

VICTORIANO TAIBO.

OS HOMENAXES A MANOLO QUIROGA



O homenaxe que a Asociación da Prensa, da Cruña, rindeulle a Manolo Quiroga, homenaxe que resultou sere de Galicia enteira, non s'esquecera endexamáis. En ningures temos lembranza d'unhos actos tan ateigados d'afeuto agarimoso.

Os xornás deron conta ô miudeo do gran xantar no Pazo Municipal. Alí porñunciáronse brindis nos que a admiración ô artista grorioso, ô rapaz xenial, froito da raza, â súa dulce dona, filla da Francia, e o amore esaltado â Galicia, gurgullearon con fonda elocuencia.

Pro o verdadeiro desbordamento do entusiasmo foi pol-a noite no teatro e fora do teatro, na rúa Real e frente ô *Hotel Palace*.

Manolo Quiroga interpretou un fermoso programa. Cando rematou de tocarse c'unha mestría insuperable a difizle «Trille du diable» de Tartini, peza de proba prós virtuosos do violín,—na que a pruma de Castelao fixouno,—caíron das outuras do teatro milleiras de follas impresas unhas con poesías galegas e outras con este saúdo: «A Irmandade da Fala da Cruña a Manolo Quiroga. ¡Terra a nosa!» Ademáis ceibáronse pombas.

Ô mesmo tempo, total-as maus aplaudían e total-as gorkas berraban. Os vivas a Galicia repitíanse fortes e rexos. Estonces a Asociación da Prensa ofreceulle ô artista o

Album no que se colleitaron pensamentos e firmas das persoalidades siñificadas da terra. Estonces a «Irmandade da Fala» ofreceulle un pergamino artístico copia d'unha pintura de Castelao feito meistralmente por o notabre Camilo Díaz, que é o título nomeando a Manolo Quiroga irmán d'honore. Este pergamino leva unha cinta co'a bandeira galega e unha fouce de prata e ouro. Estonces, tamén, no nome das donas da seición feminina da «Irmandade», regalóuselle a Marta Lemán un fermoso bouquet de foles, feituquiñamente galano, con cintas da bandeira francesa e da nosa.

Como mostra millor de gratitude por todas estas manifestaciós d'afeuto, Manolo, desd'aquela noso «irmán», arrincoulle ô violín un *alalá* meigo, salayo da terra, frol do arte do povo, no que a súa y-alma d'artista mozo esfrangullábase en amore.

Estonces a fervenza dos entusiasmos foi tan fonda, que non atopamos verbas pra describila. Nos ollos do inmenso público brilaba o pranto. Tremaban os berros nas gorkas. E a bandeira de Galicia que no proscenio que ocupaba unha representación da «Irmandade» composta por donas e siñores, púsoxe dend'ô comenzo de festa, emprincipiou a ondear no ar, axitada por unhas maus mozas.

Manolo Quiroga, pideuna. Botouselle o

scenario. E bicouna, bicouna moitas veces saíndo pol-o foro envolvemento n'ela. Foi un momento dilirante, grandioso.

A saída do teatro, o gran violinista foi levado sobre os hombros de rapaces da «Irmandade», antr'a multitude que berraba e apraudía, mentras ouvíase cantar o himno nazonal galego.

Cando Manolo e a súa dona chegaron ô hotel, tiveron que saíre ô balcón moitas veces. Manolo, dou un forte ¡viva Galicia! E eisí rematou o homenaxe mais grande do que temos mentes.

Homenaxe organizado pol-a Asociación da Prensa, mais no que axudaron coma ningúen, os galeguistas.

* * *

Manolo Quiroga, co'a súa dona, estivo na «Irmandade da Fala» pra dare gracias e mais despedirse.

O consello agasalounos c'un champagne d'honore. O culto abogado, tesoureiro d'aquela entidade, D. Victorino Veiga, fixolle o regalo a Quiroga, d'un cravillo d'ouro representando a fouce simbólica.

O gran violinista enxebre que volverá â Cruña en febreiro, prometéu non esquecerse da música galega.

Manoliño, unha forte aperta.

AS LUCES DO CASTELO

(CONTO)

Pr'ô meu amigo M. Valdés Caldeirón.

CERTO día da semana, os mozos namorados d'aquela redonda, non visitaban ás noivas pol-a noite, p'ôr mor de non achar «as luces do castelo», que mesmamente n'ise día habían d'alomear das dez da noite en diante, até ô amanecer, o sitio do castelo, que en tempos pasados, fora testigo do acontecemento mais tristemente lembrado pol-os nados d'aquelas terras. Dende estonces quen s'atrevera a ir xunto a noiva isa noite, había de topar cando pr'à casa volvera, as brillantes luces, e ver ôs seus resprandores a imaxen vivente, toda vestida de branco, da mais feiteiceira muller que poidera imaxinarse. Este andromenoso aparecemento, a mais d'arrepuiñar os cabelos do mesmo curuto ô mais valente, agoiraba tráxicos amores.

Contan q'un feudal cabaleiro dono d'aquelles lugares, erguera no penedo, seu rexo castelo. Xoven, rico, ven parecido e valente, adicárase a namorar ás mais guapas nenas de vilas e aldeas; con todas fora mais afertunado da conta, até que chegou a namorar a unha fidalga, da súa cras, con quen tratou axiña o casamento. De feituquiño corpo, branca com'ás folerpas, tiña estrelliñas n'os ollos e de boca un caravel; era a pormetida, a mais fermosa e gabada criatura qu'o Sol vira.

O día do casamento, que foi a mais brandida festa que se recorda pros veciños da xurisdición, un inxamio de xente agardaba ô redor do castelo a chegada da noiva, que con longo acompañamento entrou con moita aquela, saudada con grandes mostras d'admirazón, tan vestida e relucente qu'era a mesma somellanza d'un anxé que baixara do ceo. Xa preto da noite, saíron do comediro os convidados, e alargouse a troula con certos xogos, en que según costume d'aquel tempo habían de escomenzar os noivos. Alguen propuxo ir ô escondite. Todos acutaron o dito, maormente o noivo a quen lle tardaba alcontrarse soio co'a súa anxelical muller. Pormetú ela con certo rubor malicioso, que ia asconderse tan ben, que ninguén a toparía.—¿Nin eu, miña ruliña?—Nin tí, meu parruliño.—contestou ela ô noivo, sorrindo maino e ollandô mimosamente.

Escomenzou o xogo. Todos espallados pol-o castelo, púxose o noivo a buscar sin trégoas á súa ruliña, mais non foi afertunado; tan ben s'ascondera que ninguén daba co'ela. Saíron todos dos seus currunchos chamándoa en qutas voces e decrarándoa

gañadora do xogo, pro a noiva non safu. Decatados da pormesa qu'ela fixera, fono pol-os rincós do castelo dando fortes berros, pidíndolle que saíra do ascondite, sin conseguire nada. A noiva non safu do curruncho.

Cáxeque noite, os servos con luces rebuscáron pol-os rincós qu'eles conocían, entramentras que o cabaleiro, sintindo xenreira por tan pesada broma, dispoñía un novo cacheo en todo orde, sin que nada quedara por ollar. Muebles grandes e pequenos que non se moveran desque pra alí viñeran, foron descravados e movidos; desde o tellado ô chan non quedou traste que non se remexera; até o pozo e as cobas que no chan había, todo foi ollado, todo remexido, mais a noiva non foi achada. Corréu a triste nová, e a xente arremuiñada dentro e fora do castelo atóneta, non sabía que facer nin como espricarse tan raro acontecemento.

O coitado noivo, afrixido e desesperado, safu arroutadamente por antr'as xentes chamando con lastemosos berros á súa rula perdida. Por agros, montes e camiños oufanse ôs d'oidos berros, qu'aló na lonxanía re-

petíanse con melancónico eco. Todo espiñado, cheo de lama, co traxe esnaquizado d'andar por antre mestas ramalleiras, daba compasión velo. Era a noite negra, moi negra. Por serras e petoutos alomeaban centos de luces. Amanecéu, sin que fora alcontrada a escondida. De volta todos ô castelo, ollaron o descorido cabaleiro que somellaba ter certo acougo; o infeliz toleara e déralle a tolería, por ter todo preparado com'o día da boda.

Logo que marcharon os convidados, trocôu o esnaquizado traxe por un dos millores, e dispuxo ôs criados que tiveran sempre disposto todo como pr'ô mellor recibimento. Falaba pouco; soio o perciso c'os servos. Sempre vestido c'o mellor traxe, coidaba soio que todo s'alcontrase no castelo, com'o día da boda ¿Teríalle mentes a visita da escondida?

Pasaron moitos anos. Unha noite de tempestá, sinteuse un forte ruído no castelo. Súpetamente, o arroutado cabaleiro recadando unha luz, enfiouse dereito ô sitio que se ouira o estrano ruído, coma s'adiviñase un esperado acontecemento. Seguido pol-os

VERBAS D'UN LOITADOR

SOCIALISTAS E RADICÁS

NUN mitin de Barcelona discuteuse sobre si Marcelino Domingo había falar ou non en castelán.

O Sr. Lerroux, dirixiuse ô púbrico e díxolle que na súa opinión non se ten de facer custión política o de falar en n'unha ou noutra lingua española, e aconsellou a Marcelino Domingo que falara en catalán.

O Sr. Lerroux, home de talento, comprende craramente que tan español é o galego com'o catalán e o castelán, y-así o dixo.

¿Onde están aqueles fanáticos que se botaban de radicados e dicían pol-as nosas vilas: fora o catalán, fora o galego, «queremos español»...?

No mesmo mitin o Sr. Besteiro dixo: «Está ben que faledes e cultivedes o catalán, porque eisi enriquecese a cultura de España e a da Humanidade enteira.»

D. Xulián Besteiro—home de moita cultura—sabe moi ben a fonda verdade que amostan as súas verbas; sabe que o progreso da cultura do mundo pende en moito do emprego da lingua nativa; que soilo nela chega á súa plenitude o pensamento y-o sentimento dos que a falan.

¿Qué lles parece a aqueles tiráns do Ferrol e algús outros pobos, que botán-

dose de socialistas—como si pra pensar e sentir en socialista abondara apuntarse na taguilla d'unha sociedade de resistencia!—estiveron com'os xefes da policía zarista de Rusia, pretendendo impôr un modo de falar, reglamentando a verba, a cousa máis libre, máis sinxela, máis espiritual, máis popular e espontánea, máis alba, ás regramentacións do Estado—que fai estradas e pontes, pro que non crea idiomas nin pode decretar a súa morte?...

¿Onde están aqueles que n'un «Viva a internacional» querían manifestar as súas ansias de morte contra da lingua galega?...

¿Vanse decatando os socialistas de que ese «viva» ten que ser viva de verdade, pra que rivan todol-os homes dinos, falando na verba que conozan e queiran?...

¿Van caíndo en que soilo eisi se pode traballar pol-a Humanidade, pol-a Cultura e pol-a Libertade, que tanto leban nos beizos eles, pró que non'a levaban moitos até oxe no peito?...

¡Viva Besteiro!, ¡Morran os tiráns disfrazados de socialistas!

LUIS PORTEIRO.

criados, pasóu sobrados, subéu escaleiras, abréu portas, até que ô cabo chegóu ô fayado, pidéu chaves, e como non poidera despachar, derruncóu dun rempuxón a porta, xa carcomida pol-os anos. Un vento frío cal o da tumba abafóu a luz; caíra un anaco de parede e con el un estante con uchás e trastes vellos. Ca forza da caída abrírase unha das uchás amostrando os descompostos osos da desaparecida, e antr'eles as xoyas aínda relucentes e anacos do branco traxe da boda, que por milagre non se pudiran. O pe d'aquel triste alcontro, caíu o coitado cabaleiro pra non erguerse mais. Tiñan as uchás unha cras de pechos que ô baixar a tapa pechaban soías.

Por iso, os mozos d'aquela redonda, vían sempre «as luces do castelo.»

M. GÓMEZ Y BARCO.

Agosto, 918.

DO RAPAZ MAIS NOVO DA «IRMANDADE»

O noso movemento

GALEGOS: Obrigado me vexo a esquirbir istas liñas, pra dar un mentís ás afirmacións de significados políticos, que cando oubiron as voces de redenzón da nosa patria Galicia, como feras acorraladas dixeron qu'o movemento fracasaría, porque era fei-

to por rapaces sin coñecemento da vida, que eran guiados hacia o abismo por xentes pouco escrupulosas, desexosas de medros, que sin a nosa axuda non alcanzarían.

A xuventude nazionalista galega, considera un aldraxe os ditos de tales señores, e está dispošta a desmentir con feitos qu'o movemento de rexurdimento da terra, non é pra qu'unhos señores medren, porque non-o consentiremos endexamáis. ¿Qué xuventude, que no seu peito non leve a santa imaxen da terra ferida, fai o qu'os nazionalistas galegos fixeron e fan sempre que é perciso?

Nosoutros, que cando chegaron os tempos da liberación da concencia cibdadana,

A ALBORADA DE VEIGA

(Poesía póstuma de Curros Enríquez)

Esa celeste múseca que vos regala a orella,
Que vos gorenta a y-alma, e arrula o corazón,
Evos, trocada en moza, unha «Alborada» vella
Que tén catro mil anos ou máis de tradición.

O celta, que didiante d'os astros s'axoell'a,
Deixóunos n'ese canto de multiforme son
O matinal saúdo, a luz d'o sol bermella,
Feito d'estrondos d'himno e rogos d'oración.

Com'oración, cantáron-a n'as festas familiares
Nosos abós nas xuntas e reunións d'o clan,
N'as procesións sagradas, de noite, antr'os pinares,
Que un crego presidía c'unha segur n'a man.

N'as xornadas d'a pesca pr'a sosegar os mares,
N'as sementeiras pr'a que non apodreza o gran,
Por vales, montes, corgas, cómaros e casares
Deixandó de paz cheo e d'armonía o chan.

Como himno modulado n'a gaita d'os antigos
Cantáron-a os gallegos qu'Anfbal comandóu
E fixo d'as súas notas saetas e castigos
Viriato, cando co'eles a Roma escarmentóu.

N'o cume d'o Medulio, c'os ceos por testigos,
Inda unha vez con eco guerreiro resoóu,
Mais soballada a Patria, y-a arbitro d'nemigos,
Os himnos foran crime... e xa non s'escoitóu.

E dend'entón os ritmos d'esa sonata amada
A tan mezquiño estado chegaron entre nós
Qu'entraban n'o turreiro, n'a esfolia, n'a fiada
Y-andaban n'as zanfanas d'os probes pidinchós.

«Ergueivos! lle decían a raza dominada,
Ergueivos e calzaivos zapatos de mallós,
E vinde, pol-a perda d'a libértá preciada,
Con dous laçós pr'o santo, a dar gracias a Dios!»

As águias semellante que pelan pruma a pruma
E morren d'estrañía cando en prisiós se ven,
N'a ergástola d'o escravo que soyo dôr rezuma,
Así perdéu súas galas esa caución tamén.

Aquela escada fónica con qu'hastr-o ceo s'encuma,
Aquél marcial refolgo qu'armara brazos cen,
Non mais zombar s'ouviron! ¿Qué falla fan, en suma,
Si xa nin tempr'os dioses, nin cult'os héroes ten...?

Así, escrito n'os aires, â gorxa confiada
D'a multitud versátil que troca, quita e pon,
Esfarrapada, coxa, ferida, mutilada,
Mais entr'os seu farrapos mostrand-o seu blason.
Hastra estes nosos tempos chegóu esa «Alborada»...
Un grande artista víuna, moveuse a compasión,
Curóull'os pes, vestiuna, limpóuna e restaurada
N'a xuventú primeira, levóuna o Orfeón.

E vel'haí tendes, bella, magnífica, divina,
Com-a inventara un día o numen ancestral,
D'unha fe nova, nova pregaría matutina,
De novos héroes marcha novísima trunfal.
¡Ouh «Pange lingua» druídico, viaxeira pelegrina
Que vés de longas terras e vas pr-o ideal,
Com'os abós xuntache contr-a loba latina
Xunta os netos agora contra o lobo central...

¡Gloria ô xenio qu'en mares d'inspiración s'aneiga
E d'eles tira mundos que fai a luz surxir!
¡Gloria ô mestre que volve a esa cantiga meiga
A maxestá perdida n'as loitas d'o vivir!
¡Gloria a quen un tesouro n'esa canción nos leiga
Qu'ha de ser a «Marsellesa» galaica «d'o Porvir!»...
Eterno aplauso, vítores eternos ô gran Veiga
D'un polo ô outro polo, d'o cénit ô nadir!

abandonamos os nosos lares pra ir po-las máis fortes organizazós caciquiles, a procurare libertar ós nosos irmáns os labregos da escravitude en que se atopan, non podemos ser sinalados como cordeiros.

Cordeiros son aqueles que por ser servos do asoballante caciquismo pol-o cal Galicia é un pobo sin dreitos (que nós lle daremos pese a quen pese) siguen ós ladróns da súa concencia, e cicais da súa honra, por un anaco de pan mal ganado, que tarde ou cedo finaran por sacarllo con leises e aldraxes.

Os nazonalistas galegos, estamos dispostos, coste o que costè, a faguer canta labor sexa percisa, pra erguer da escravitude en

que se atopan nosos irmáns os labregos, e pra deixar limpo de cóbregas o chan d'ista fermosa terra, que na súa língoa, por non-a topala mellor, esquirbiu as súas fermosas cántigas Alfonso o Sabio, e que tan aldraxada é pol-o centralismo, causante dos nosos males, que acabarían c'a forte raza, si os que no noso corazón levamos verdadeira sangue galega (porque iles na teñen) non nos apersuráramos a libertar a nosa terra que non é de ninguén máis que nosa.

Adiante, nazonalistas, que como decía o bardo «Os tempos son chegados».

TOMÁS R. SABIO.

PAISAXES D'IMELDO CORRAL

Unha exposición d'arte na Cruña

ESTE rapaz ferrolán, que cobre a comba da súa cabeza limpa e pelada c'un chambergo; este rapaz de crica d'águia e de doce sorriso frolescente baixo un bigote pequeno de guías encarioladas que desbota d'él todo



xeito de fereza; este mozo miudo mais ben, e fraco, que fala homildosamente, con voz baixa e repousada, abriu unha Exposición dos seus millares cadros e dos seus millares apuntes na «Irmandade da Fala» da Cruña. Cincuenta e seis obras en xunto.

Os galeguistas cruñeses que sinten de cote o nobre desexo d'erguere os valores enxebres, donáronlle tod'o seu apoio a Imeldo Corral, e este, axudado pol-os dous tamén notabres artistas irmáns nosos predileutos o pintor Camilo Díaz e o escultor López Mirás, puido chegar a facer práctico o xeito fermoso da Exposición que tod'a Cruña e todol-os forasteiros veñen admirando e loubando con entusiasmo fondo.

Os cadros d'Imeldo Corral, son d'unha forte personalidade. Latexa n'eles un xeito propio de facer, valente, seguro, cheio de

masculinidade. Colle a natureza nos seus ollos, chántaa na alma, e logo a través do seu temperamento vaina deixando gurgullar, pingota a pingota, pra que chegue ós pincés trocada n'un grauíño de xenialidade. Imeldo Corral que será axiña un xenio da nosa pintura, xa é oxe un cume, senon o primeiro paisaxista da terra.

O catro d'Agosto foi a festa d'abertura da Exposición. A ela asistiu o alcalde da Cruña e asistiron tamén os grandes artistas musicas, Manolo Quiroga e Marta Lemán. O sesteto Cánepa e o mestre Brage, tocaron aires da terra con moito amore. Tocaron tamén o noso himno nazonal que coreou a mocidade rexa da «Irmandá».

Lois Pena Novo dixo unhas sinxelas verbas abrindo o acto. Léu logo unha ispirada poesía do gran poeta Eladio Rodríguez González. E derradeiramente, pronunciou unha fermosa improvisación o Sr. Abad Conde.

Manolo Quiroga mercou un lenzo. O señor Lastres, de Muxía, home de bó gusto, adquiriu oito apuntes. O pintor Morelli, un cadro e un apunte. O presidente da «Irmandade» do Ferrol, dous apuntes.

A «Irmandade», verdadeira fada madriña do gran paisaxista ferrolán, tivo un fondo acerto ó aconsellarlle a aquel que fixera a notabre Exposición.

Un novo trunfo fecundo do galeguismo. Que traballa non por fachenda, senon por deber de xustiza.

Risas imbéciles

AO facer unha alusión a Portugal no seu discurso da semana do *Debate*, Ossorio Gallardo,—en total-as reseñas dos xornás aparece a nota—moita parte do público votouse a rir.

Esas risas, mostran a imbecilidade, a noxenta parveiría de sin fin de galegos valeiros de esprito, nados pra escravos, que nin xiquer se decataron da argola vergoñosa conque unha raza estrana apreixa os seus pescozos. Eses son os que fratricidamente atentan contra dos nosos intreses. Son os que iforan que Portugal soupo colonizare millor que España e soupo conservare seu imperio colonial e soupo creárese unha forte cultura propia. Son os que coidan que España non é o mais atrasado da Europa occidental. Son os que renegan inconscientemente d'un porvir glorioso. Son os que non sinten cubizas de conquistar a propia persoalidade. Son o lastre noxento pra todo. Os castrados do idealismo, os que fan da vida unha negación e da súa vuntade unha lingua de can disposta a lamber a man do amo que lles faga o favor de xunguilos.

Aquelas risas imbéciles son un crime de lesa raza, propio dos que non entenden a voz dos pinos de que falou Pondal.

¡Rídeos, sepulcros branqueados! Que vos rídes de vosoutros mesmos.

Peneirando...

Suevia Literaria, unha revistita de Santiago que dirixe Mr. Teixeira, en colaboración c'uns poucos rapaces en preno sarampiónseudorromántico, abriu un concurso para premiare un conto. Este conto pode ser feito en castelao ou en galego.

Mais o premio levarayo o conto escrito en castelao. O escrito en galego non pode aspirar máis que ó accésit.

En troques de miolos ten que levar unha merengada na chola o autor d'ise concurso.

O mérito intrínscico d'un conto, denantes que na forma, estará no asunto e na maneira de desenrolalo.

N'este senso, inda que houbese unha xo-ya en galego, ficaría posposta a unha parvada en castelao.

Que imbéciles e escuros son os rapaciños da *Suevia Literaria*. ¡Lástema d'azoutas!



Se non estamos trabucados, foi en Estella onde Pradera e Esteban Bilbao, dous tradicionalistas verdadeiros megaterios, deron un mitin no que se fartaron de dicire parvadas sobre o nazonalismo.

O nazonalismo pra eles significa a guerra civil, antre outras cousas.

Pero teñen dereito a falar de guerra civil os repersentantes d'un partido que ensanguentou a España moitas veces no século pasado?

¡Eche boa!



Un señor Acuña que levou tres premios no certamen do *Debate*, veu con malos

ollos que os nazionalistas galegos non s'axionllaran aparbados diante d'aquel xornal.

Non, home, non. Xa chegaron os tempos en que hai galegos libres e conscentes que pensan pol-a súa propia conta.

conozza ôs que d'un xeito tan vergoñoso proceden.

Quen recibe un periódico e non-o devolve ten a obriga ineludible de pagalo, xa que cõ seu silenzo amosra a súa conformidade cõ recibo do mesmo, e, pol-o tanto, con todo aquilo qu'a acentazón d'un boletín leva consigo: isto é, o pago puntual i-esauto.

Na administración d'A NOSA TERRA temos â venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas. Prezo 1'50 pesetas.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

LA MODERNISTA
GRAN SALÓN DE BARBEIRÍA

— DE —

Ramos e Acea

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeición e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o públrico un servico permanente a cárrago dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluqueirías d'esta capital.

Seición administrativa

Habendo suscriptores cõs que non é posible entenderse administrativamente, por mais adevrentza e pregos que se faigan, vai a sere perciso, unha vez agotada a pacenza e feita ista derradeira amonestazón, pubrical-os seus nomes, apellidos e señas domiciliarias pra que todo o mundo seipa e

GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.
Repersentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ô alcance de todos.

Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ô públrico. O máis confortabre da Cruña. Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as meilhores agrupazóns musicas
:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten o cardn na rúa da Marina

IRMANS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sõmente o vende

A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Ponte San Andrés
A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo
A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

☉ vermouth máis selecto de mundial e de reconecida sãna é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ôs dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa
Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de mbito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACIÓN REXIONAL
(2.ª EDICIÓN)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

Fábrica de Gorras— E —
SOMBREIRERÍA

DE

Lois Fernández Vieites**San Andrés, 69-71 — A CRUÑA****OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS**

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.—A. REY SOTO: *La Loba*, 2 fd.—W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.—A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 fd.—SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.—REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª

Rúa Real, 49.—A CRUÑA

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO****MONTERO E COMPAÑÍA**

Oficina técnica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12-LUGO

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTÚA, *Inxenheiro*

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriais

Estudo de toda clase de proxectos e construcións

PRESUPOSTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

Consultorio Médico-Quirúrxico**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral
ESPECIALIDADES

Pel, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia. Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezo e horas convencionais

Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)


A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA****LINEA DE HABANA E VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.